



CLASE MAXISTRAL DE TUBA E BOMBARDINO

JOSÉ REDONDO


TUBA SOLISTA DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE CASTELA E LEÓN (OSCYL)

DATA: 22-23 DE ABRIL DE 2024

- HORARIO: 9H A 15H

LUGAR: CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DA CORUÑA

Nacido en Alhama de Granada, cursou os seus estudos superiores no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid. Tras obter unha bolsa Fulbright, realizou estudos de posgraduado no New England Conservatory de Boston. Recentes colaboracións leváronlle a impartir clases e tocar en Dortmund, Londres, Hamburgo e Berlín. En marzo de 2023, xunto coa OSCyL e o propio compositor á batuta, gravou o "Concerto Kind of Blue" para Tuba e Orquestra de Nuno Corte-Real. En datas recentes realizou concertos coa OSCyL en Amsterdam e Stavanger, unha xira de concertos en Suíza, Italia, Austria e Alemaña coa Mahler Chamber Orchestra e outra coa Deutsche Kammerphilharmonie Bremen en Alemaña, Austria, Italia e Bélxica. O próximo verán (2024) actuará coa Oscyl no Festival Internacional de Granada e coa Orquestra Sinfónica do Estado de Sao Paulo nos Festivais de Santander, Edimburgo, Concertgebouw de Amsterdam e Musikfest de Berlin. José Redondo é un músico con máis de vinte anos de experiencia na música de cámara, sinfónica e na docencia. Activo intérprete, profesor invitado e conferenciante, é membro da súa queridísima OSCyL desde 1991. Ata 2023, ocupou a Cátedra de Tuba do Conservatorio Superior de Música de Castela e León. En 2017 foi distinguido co premio "Alhameño Oriúndo" na súa vila natal.



C S M
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
SUPERIOR DE MÚSICA
DA CORUÑA